

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZIOXF	<i>Expediente</i> CON/53/2014	<i>Fecha</i> 30-04-15 11:07

Número 10 .- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación das obras do "Proxecto de renovación de viais e beirarrúas Av. Quiroga Palacios.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 30 de abril de 2015 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 10 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DO "PROXECTO DE RENOVACIÓN DE VIAIS E BEIRARRÚAS AV. QUIROGA PALACIOS.**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe-proposta, de data 21 de abril de 2015, do director técnico da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, conformado coa mesma data pola Concelleira Delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible. Así mesmo, do informe favorable nº 2015/261, de data 24.4.15 da técnico de Intervención, conformado pola Interventora Municipal.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

**"EXPEDIENTE:** Execución das obras incluídas no Proxecto de renovación de viais e beirarrúas Av. Quiroga Palacios

**ASUNTO:** Adxudicación do contrato a OGMIOS PROYECTO SL

**ANTECEDENTES:**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI0XF	<i>Expediente</i> CON/53/2014	<i>Fecha</i> 30-04-15 11:07

Primeiro: Con data 2 de marzo de 2015 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas e a do licitador OGMIOS PROYECTO SL.

Segundo: O concelleiro delegado de contratación, mediante resolución de data 17 de marzo de 2015, require a OGMIOS PROYECTO SL para que aporte como trámite previo á adxudicación do contrato:

- Documentación xustificativa de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade social
- Documentación acreditativa da súa solvencia económica e técnica
- Documentación acreditativa da súa capacidade de obrar
- Xustificación do pagamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes

Terceiro: Con data 9 de abril de 2015 celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado pola mesa de contratación de data 2 de marzo de 2015, procede realizar a seguinte:

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

**PRIMEIRO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA, ALCOMTE GALICIA SL, CONSTRUCCIONES OÑIAL SL, OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL, CRC OBRAS Y SERVICIOS SL y CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL, por atoparse incursas en situación de baixa desproporcionada ou temeraria e manter esta consideración trala realización do preceptivo trámite de audiencia á vista dos informes correspondentes.

**SEGUNDO:** Adxudicar o contrato de referencia a favor de **OGMIOS PROYECTO SL**, por un importe de 451.747,16 euros (IVE aparte 21%: 94.866,90 euros), ó ser a oferta máis vantaxosa das presentadas, financiándose este gasto con cargo á aplicación orzamentaria **050 15100 60901**.

A empresa compromete un incremento de seis anos no prazo de garantía das obras e dun tres por cento no orzamento de control de calidade, sobre os mínimos establecidos no prego de aplicación.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZIOXF	<i>Expediente</i> CON/53/2014	<i>Fecha</i> 30-04-15 11:07

Así mesmo, e como parte das medidas para disminuir as afeccións ós cidadáns, a empresa compromete o desenvolvemento dun plan de comunicación, que inclúe o nomeamento dunha enxeñeira encargada de informar ós afectados, a colocación dunha caseta informativa, e outras actuacións de carácter técnico en materia de sinalización, seguridade e accesibilidade.

O gasto correspondente a esta contratación, forma parte das actuacións incluídas no Programa Urbana Santiago Norte, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do Eixo número 5 (Desenvolvemento sostible local e urbano) do Programa Operativo do FEDER en Galicia para o período 2007-2013."

**Enteirados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

**PRIMEIRO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA, ALCOMTE GALICIA SL, CONSTRUCCIONES OÑIAL SL, OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL, CRC OBRAS Y SERVICIOS SL e CONSTRUCCIONES LA ROSALEDA SL, por atoparse incursas en situación de baixa desproporcionada ou temeraria e manter esta consideración trala realización do preceptivo trámite de audiencia á vista dos informes correspondentes.

**SEGUNDO:** Adxudicar o contrato de referencia a favor de **OGMIOS PROYECTO SL**, por un importe de 451.747,16 euros (IVE aparte 21%: 94.866,90 euros), ao ser a oferta máis vantaxosa das presentadas, financiándose este gasto con cargo á aplicación orzamentaria **050 15100 60901**.

A empresa compromete un incremento de seis anos no prazo de garantía das obras e dun tres por cento no orzamento de control de calidade, sobre os mínimos establecidos no prego de aplicación.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZIOXF	<i>Expediente</i> CON/53/2014	<i>Fecha</i> 30-04-15 11:07

Así mesmo, e como parte das medidas para diminuír as afeccións aos cidadáns, a empresa compromete o desenvolvemento dun plan de comunicación, que inclúe o nomeamento dunha enxeñeira encargada de informar aos afectados, a colocación dunha caseta informativa, e outras actuacións de carácter técnico en materia de sinalización, seguridade e accesibilidade.

O gasto correspondente a esta contratación, forma parte das actuacións incluídas no Programa Urbana Santiago Norte, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do Eixo número 5 (Desenvolvemento sostible local e urbano) do Programa Operativo do FEDER en Galicia para o periodo 2007-2013.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE  
SANTIAGO**

**Asdo: Manuel Martínez Varela**